



10.09 – 19.09.2021
SELIC.GAL



SELIC 2021

Do 10 ao 19 de setembro de 2021

Un festival para compartir lecturas
Un punto de encontro para as persoas que lemos
Un espazo para debater entre as que escribimos
Porque non precisamos excusas para falar de libros
Dez días para atoparnos coas letras en Compostela

A Semana do Libro de Compostela centra a acción cultural da capital galega **do 10 ao 19 de setembro** atraendo ás lectoras e lectores á rúa. A Selic 2021 chega para propoñer lecturas, para artellar encontros sobre os libros e as persoas que están(mos) arredor deles.

Deixando a un lado as presentacións ao uso, este segundo ano de pandemia a Selic persegue o debate e a **conversa sobre lecturas**. Máis de medio cento de títulos protagonizan o festival nesta 5ª edición que se vai desenvolver ao aire libre entre a rúa do Vilar e a praza de Praterías, empregando tamén os espazos do edificio de Afundación na mesma rúa da zona vella. As casetas alí situadas serán o marco dos diferentes encontros do corpus literario do festival.

Ler é comprender, máis tamén adiviñar. Na Selic **as lecturas van fiar as historias de Compostela paso a paso**, pedra a pedra, nos paseos literarios da man de Berta Dávila, Marcos Calveiro, Andrea Barreira e Carlos Labraña; así como nos percorridos pola cidade levada ao cinema e polos lugares que habitou Emilia Pardo Bazán, que tamén centrará un encontro coas escritoras que están a recuperar e repensar a súa obra.

Narrativa, poesía, ensaio, tradución, cinema, teatro, ilustración, contacontos, música e xornalismo. Todas levan á lectura. Ao feito último (ou primeiro) de ler. Por que lemos? Que nos aporta? A lectura alimenta as nosas neuronas, diso falará Xurxo Mariño; pero vai moito máis alá, conforma o que somos, como vai debullar Emma Pedreira. Domingo Villar falará do seu novo libro de contos e os últimos gañadores dos Premios Xerais conversarán arredor das súas obras para todos os públicos.

Baleiro, O novelo e Partida salvada, os títulos galardoados cos Premios Selic 2020 estarán presentes nesta nova edición da man dos seus autores. Este ano, a convocatoria da nova edición do certame está aberta até o 30 de setembro. Non todo será ficción, Luís Pardo entrevista a Esteban Hernández sobre as claves a partir da situación político-económica; Alfonso Espiño fai arqueoloxía

musical en Compostela e Alberto Berzosa e Xosé M. Buxán trazan un percorrido pola escena *underground* dos setenta e oitenta.

Máis de trinta accións arredor da lectura, das lectoras e autores, e das autoras e lectores, para compartir o que lemos. A Selic 2021 é **unha festa da lectura no medio dunha pandemia**. Todas as accións do festival están pensadas e dimensionadas para as circunstancias actuais, marcadas pola COVID-19, e o uso das máscaras será obrigatorio en todo momento. A maioría das actividades van decorrer na rúa, ao aire libre, coas distancias e as medidas de seguridade precisas. O que está programado no interior contará cun aforo máis reducido, distancias, xel hidroalcohólico e todas as restricións adicionais que se requiran polo coronavirus no momento da celebración.

Librarías e editoras

As librarías e editoras de Compostela estarán **representadas nas dez casetas** que conformarán o espazo da Selic na rúa do Vilar, que se converterá na milla da lectura de Santiago do 10 ao 19 de setembro. **aCentral Folque, Alvarellos editora, Árbore Azul, Bunker Books, Carlos Meixide, Consorcio de Santiago, Cuarto de inverno, Fundación Anselmo Lorenzo, Irmás Cartoné, Librería Lila de Lilith, Librería Numax, Librería Pedreira, Patas de peixe, USC. Servizo de Publicacións e Librería Aenea** pasarán polo festival.

Horarios

Na **fin de semana** o horario do festival na rúa do Vilar irá das 11.30 ás 14.00 horas e das 16.30 ás 21.00 horas. **Durante a semana** as actividades centraranse na tarde, de 16.30 a 21.00 horas.

PROGRAMACIÓN SELIC 2021

Venres 10/09

17:00h. Carlos Negro e Benxamín Otero
Estrita necesidade (Alvarellos Editora) Carlos Negro

Rúa do Vilar

17:30h. Brindador*s, Kike Estévez e Lupe Blanco
O Brindo: a impro oral do Caurel (aCentral Folque)

Rúa do Vilar

19:00h. Premios libros SELIC 2020:
Baleiro, Gabriel Gómez Estévez
O novelo, Óscar Senra Gómez
Partida salvada, Fernando Epelde
(Concello de Santiago de Compostela e Edicións Positivas)

Rúa do Vilar

Sábado 11/09

12:00h. Xurxo Mariño. Lectura e cerebro. Como modifican os libros as túas neuronas
Unha mente que voa (Edicións Xerais)
La conquista del lenguaje: una mirada a la evolución de la mente simbólica (Shackleton Books)

Rúa do Vilar

13:00h. Arancha Nogueira. Instrucións para unha biografía literaria
A mestra corremundos (Cuarto de Inverno)

Afundación

17:30h. Carlos Santiago
Ontoloxía poética (Editorial Carlos Meixide)

Rúa do Vilar

19:00h. Traducións de premio
María Reimóndez, Celia Recarey e María Alonso Seisdedos. Modera: Gabriel Álvarez

A historia de Mary Prince (BiVir), Mary Prince
A señora Dalloway (Irmás Cartoné), Virginia Woolf
Ulises (Editorial Galaxia), James Joyce

Rúa do Vilar

Domingo 12/09

12:00h. Roteiro. Compostela de ficción: illas e carruseis na cidade novelada.
Berta Dávila (AELG)

Biblioteca Ánxel Casal

12:00h. Magín Blanco. O que levamos nas maletas

Rúa do Vilar

17:30h. Poesía descentrada na literatura galega
Charo Pita e Laura Ramos. Modera: Andrea Nunes
O cuarto de Jane (Editorial Caldeirón), Charo Pita
Rascamasseiras (Editorial Caldeirón), Laura Ramos

Rúa do Vilar

19:00h. Periodismo e ficción
Xosé Manuel Pacho Blanco, Teresa Seara e Francisco Fernández Naval

Clave de bóveda (Factoría K de Libros), Manuel Álvarez Torneiro
MemOria (Editorial Doutor Alveiros), Arturo Lezcano
Ulcis (Edicións Xerais), Xosé Fernández Ferreiro

Rúa do Vilar

Luns 13/09

17:00h. Roteiro. Festina lenta, canteiros e impresores en Compostela.
Marcos Calveiro (AELG)

Arco de Mazarelos

17:30h. Percorrido pola escena underground dos anos 70 e 80 en España
Alberto Berzosa e Xosé Manuel Buxán
Cine y sexopolítica (Editorial Brumaria), Alberto Berzosa

Afundación

19:00h. Entrevista a Domingo Villar por Camilo Franco
Algúns contos completos
O último barco
(Editorial Galaxia/Siruela)

Rúa do Vilar

Martes 14/09

17:00h. Roteiro. As pedras non esquecen. Andrea Barreira (AELG)
Palabra de bruxa (Editorial Galaxia)

Alameda (estatua Maruxa e Coralia)

17:30h. Abellón
Abellón. O libro negro das zoadeiras (aCentral Folque), Xoán Xil e Mauro Sanín

Rúa do Vilar

19:00h. Premios Xerais:
Coidadora, María Marco Covelo
A folla azul, Andrea Maceiras
Santoamaro, Antonio M. Fraga
(Edicións Xerais)

Rúa do Vilar

Mércores 15/09

17:00h. Roteiro. Compostela Filmada. María Abelleira e Óscar Senra (MAOS)

Pazo de Amarante (Algalia de Abaixo, 24)

17:30h. Encontro entre activistas e creadoras de Centroamérica e Galicia.
Agareso e a Coordinadora Galega de ONGD

Colección Defensora cos Dereitos (Agareso)

Rúa do Vilar

19:00h. Compostela no cinema: a adaptación de *Doentes*
Gustavo Balza, Yolanda López, Paco Macías e Rober G. Méndez

As actas escuras, Doentes e Rastros (Edicións Positivas), Roberto Vidal Bolaño
Compostela no cinema, Yolanda López (Consortio de Santiago – Editorial Guiverny)

Proxección do filme *Doentes* (Gustavo Balza, 2011)

Afundación

Xoves 16/09

17:00h. Roteiro. Emilia Pardo Bazán e Estela. María Abelleira e Óscar Senra (MAOS)

R/ Campiño de San Francisco (entrada ao Cemiterio do Convento de San Francisco)

17:30h. Entrevista a Esteban Hernández por Luís Pardo
Así empieza todo (Editorial Ariel)
El tiempo pervertido (Ediciones Akal)

Rúa do Vilar

19:00h. Conversa sobre Pardo Bazán
María Canosa, M^a Pilar García-Negro e Marilar Aleixandre. Modera: Anna Figueiredo

Emilia Pardo Bazán. Unha mente poderosa (Editorial Bululú), María Canosa
Galiza e feminismo en Pardo Bazán (Alvarellos Editora), M^a Pilar García-Negro
Movendo os marcos do patriarcado (Editorial Galaxia), Marilar Aleixandre e María López Sández

Rúa do Vilar

Venres 17/09

17:30h. Teatro descentrado
María Ángeles Iglesias e Nee Barros Fernández. Modera: Iria Pinheiro Santos
Crónica dunha heterosexual insatisfeita (Editora Urutau), María Ángeles Iglesias
Identidade. A normalidade do non-común (Editorial Galaxia), Nee Barros Fernández

Rúa do Vilar

19:00h. Entrevista a Alfonso Espiño por Carlos Rego
Compostela. Música moderna en Santiago (1954-1978), Alfonso Espiño (Consortio de Santiago)

Rúa do Vilar

19:30h. Concerto Alfonso Espiño

Praza das Praterías

Sábado 18/09

12:00h. Pablo Otero "Peixe". Como se le a ilustración
Parece unha formiga (Kalandraka Editora)

Rúa do Vilar

17:30h. Paula Carballeira. Contando como se conta
E continuaremos a contar. A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivência (Através Editora)

Rúa do Vilar

19:00h. A Desvértebra. Recital sonoro
Ana Romaní e Chus Silva
A Desvértebra (Chan de Pólvora), Ana Romaní

Afundación

Domingo 19/09

12:00h. Roteiro. Paseando coas Marías. Carlos Labraña (AELG)

Alameda (estatua Maruxa e Coralia)

12:00h. Árbore azul. Contacontos en movemento
A árbore da escola (Kalandraka), Raquel Senra

Rúa do Vilar

13:00h. Emma Pedreira. O Gabinete de curiosidades de lady Stoner
Os libros que hai en min (Cuarto de Inverno)

Rúa do Vilar

17:30h. Conversa sobre Lorca
Henrique Alvarelos e Aníbal Malvar
Federico García Lorca en Santiago de Compostela (Alvarelos Editora), Henrique Alvarelos
Lucero (Ediciones Akal), Aníbal Malvar

Rúa do Vilar

19:00h. Concerto: aCentral Folque

ROTEIROS SELIC 2021

Prazas limitadas (30). Inscripción obrigatoria: paseos.compostela@maos.gal

Rexistro dispoñible até o día previo a cada roteiro (indicando: roteiro, prazas solicitadas, nome e teléfono de contacto).

A Selic sairá do seu espazo na rúa do Vilar para percorrer Compostela a partir duns **roteiros especiais** organizados conxuntamente coa **Asociación de escritoras e escritores en lingua galega** (AELG) e coa cooperativa **Maos Innovación Social**.

O primeiro domingo da Selic, o día 12 ás 12.00 horas, a escritora **Berta Dávila** tomará como punto de partida a Biblioteca Ánxel Casal para despois percorrer os lugares que compoñen o mapa de localizacións das novelas *Illa Decepción* e *Carrusel*, coa que obtivo o Premio da Crítica 2019. Con ela Compostela vai máis alá da ficción, é tamén o lugar desde onde se escribe. De volta ao Santiago do século XVII –antes da grande explosión do Barroco– levará aos asistentes o escritor **Marcos Calveiro** que, empregando com fío a súa novela *Festina lente*, falará de como era a vida na cidade amurallada dos canteiros, libreiros e impresores. Será o luns 13, ás 17.00 horas, desde o Arco de Mazarelos.

A escritora **Andrea Barreira** guiará, o martes 14 ás 17.00 horas desde a estatua das Marías na Alameda, o percorrido **As pedras non esquecen** sobre as mulleres que foron acusadas de bruxaría, tomando como fío, entre outros libros, a súa novela *Palabra de bruxa*. O mércores 15 ás 17.00 horas, **María Abelleira e Óscar Senra** dirixirán o paseo da **Compostela no cinema**, que ofrece unha visión panorámica tanto dos lugares de proxección como das rodaxes coa cidade como protagonista.

A figura de **Emilia Pardo Bazán** é unha das pezas clave da programación desta quinta edición da Selic e, antes da conversa do xoves 16 ás 19.00 horas entre **María Canosa, María Pilar García-Negro e Marilar Aleixandre**, haberá un **paseo pola vida da escritora** no centenario do seu falecemento ás 17.00 horas. Os guías serán María Abelleira e Óscar Senra, que percorreren xunto ás asistentes lugares relacionados tanto coa autora como coa súa obra. O último día do festival, o domingo 19 ás 12.00 horas, o escritor **Carlos Labraña** recuperará o **mítico paseo das irmás Maruxa e Coralía** e todo o que hai detrás das Marías que hoxe son parte da Alameda compostelá.

Domingo 12/09

12:00h. Compostela de ficción: illas e carruseis na cidade novelada.

Berta Dávila (AELG) | Saída: Biblioteca Ánxel Casal | Libros para pasear: *Carrusel*, *Illa decepción*, *O derradeiro libro de Emma Olsen* (Editorial Galaxia)

Luns 13/09

17:00h. Festina lente, canteiros e impresores en Compostela. Marcos Calveiro (AELG) | Saída: Arco de Mazarelos | Libro para pasear: *Festina lente* (Edicións Xerais)

Martes 14/09

17:00h. As pedras non esquecen. Andrea Barreira (AELG) | Saída: Alameda (estatua Maruxa e Coralia) | Libros para pasear: *Palabra de bruxa* (Editorial Galaxia)

Mércores 15/09

17:00h. Compostela Filmada. María Abelleira e Óscar Senra (MAOS)
| Saída: Pazo de Amarante (Algalia de Abaixo, 24)

Xoves 16/09

17:00h. Emilia Pardo Bazán e Estela. María Abelleira e Óscar Senra (MAOS)
| Saída: R/ Campiño de San Francisco (entrada ao Cemiterio do Convento de San Francisco)


Domingo 19/09

12:00h. Paseando coas Marías. Carlos Labraña (AELG) | Saída: Alameda (estatua Maruxa e Coralia)

OS LIBROS DA SELIC 2021

50 libros
50 autoras e autores
18 faladoiros
6 paseos literarios
3 entrevistas
2 recitais poéticos
3 concertos
Contacontos
Obradoiros

Carlos Negro
Benxamín Otero
Estrita necesidade



Estrita necesidade
Carlos Negro e Benxamín Otero
Alvarellos Editora

Os autores renden homenaxe, escrita e visual, á xeración de pais da posguerra, a uns tempos de racionamento, austeridade, duro traballo, afectos fondos, silencios e resistencia.




O Ribeira de Louzarella, brindador da dentro

Kike Estévez, Pablo Bernárdez

aCentral Folque

Antonio Río Montero, máis coñecido como O Ribeira de Louzarella, é un dos últimos executores do brindo, o xénero de improvisación oral por excelencia das montañas orientais galegas.

A través do libro-CD *O Ribeira de Louzarella, brindador da dentro* aproximámonos á microhistoria deste último brindador de Pedrafita do Cebreiro abrindo a porta a toda unha tradición dos cantos dialogados de voda. Con texto do filólogo e improvisador oral Kike Estévez e a análise musical de Pablo Bernárdez, este libro pertence á colección Chave Mestra d'aCentral Folque.



Baleiro

Gabriel Gómez Estévez

Concello de Santiago/Edicións Positivas

Premio Selic 2020

A obra propón un futuro distópico no que se debuxa un radical cambio de circunstancias políticas para Galicia e unha historia persoal. A proposta supón unha novidade argumental significativa no panorama da narrativa actual, na que a dimensión crítica e o tratamento irónico do cotián están moi presentes.

O novelo

Óscar Senra Gómez

Concello de Santiago/Edicións Positivas

Accésit no Premio Selic 2020

Unha narración que destaca polo retrato da cidade de Compostela elaborado desde diferentes perspectivas e personaxes diversos mediante o xénero policial.

Partida salvada

Fernando Epelde

Concello de Santiago/Edicións Positivas

Accésit no Premio Selic 2020

Esta peza teatral está escrita desde un punto de vista persoal “que fala dos usos da lingua, dunha lingua en desaparición, que é a nosa” –segundo di o autor–, desde a perspectiva dun “neofalante” enamorado desa lingua para a posterioridade.



Unha mente que voa

Xurxo Mariño

Edicións Xerais

Este libro é unha aventura de misterio na que pouco a pouco van aparecendo pistas sobre o desenvolvemento da nosa capacidade lingüística, tanto a medida que remexemos na evolución biolóxica e cultural do xénero Homo, como tamén observando os cambios que se producen durante os primeiros anos de vida das nenas e nenos.



La conquista del lenguaje: una mirada a la evolución de la mente simbólica

Xurxo Mariño

Shackleton Books

Este libro pretende transmitir as sorpresas e emocións que emerxen ao profundar na esencia do ser humano moderno, expoñendo de maneira sinxela que sabemos sobre a

historia evolutiva dos humanos, perfilando cales son as rexións do sistema nervioso relacionadas co simbolismo e a linguaxe, mostrando algunhas das teorías que se manexan en lingüística e, en definitiva, poñendo de manifesto o xúbilo que proporciona rebuscar nas tripas da natureza humana.



A mestra corremundos

Arancha Nogueira

Cuarto de Inverno

Do ganchete e xa co abrigo de entretempo, Pura e Dora pasean por Ourense nun periplo que as leva desde a Alameda até o parque do Barbaña, pasando pola estación de tren, a zona vella e outros lugares da súa querida cidade. Con todo, a andaina é tamén unha oportunidade para que Dora nos fale dunha muller valente e talentosa, amante das palabras e dos retos e que nunca dubidou en levar a cabo o que se propuña. A muller máis importante da súa vida: a súa irmá Pura Vázquez.




Ontoloxía poética

Carlos Santiago

Editorial Carlos Meixide

Recolle a súa creación poética desde o 1998, que serviu de base textual a innúmeras performances, recitais e proxectos teatrais. Como o autor afirma no prólogo, o libro é un acto de exorcismo, destinado a mandar de volta os textos ao inferno, de onde saíron.




Ulises

James Joyce

Traducido por María Alonso Seisdedos, Eva Almazán, Xavier Queipo e Antón Vialle
Editorial Galaxia

A versión en galego do clásico irlandés, unha tradución que se demorou oito anos, foi recoñecida co Premio Nacional de Tradución que concede o Ministerio de Cultura no ano 2014.



A señora Dalloway

Virginia Woolf

Traducido por Celia Recarey
Irmás Cartoné

Unha mañá de xuño, Clarissa Dalloway, unha señora de clase alta, sae mercar flores para a festa que vai dar esa noite na súa residencia de Londres. Ese mesmo día, noutro punto da cidade, Septimus Warren Smith, un veterano de guerra de clase traballadora, atópase no límite da loucura. As vidas de ambos corren paralelas até rozarse levemente durante a festa de Clarissa nunha narración na que seguimos a experiencia dos protagonistas desde o centro mesmo da súa conciencia.


A historia de Mary Prince

Mary Prince

Traducido por María Reimóndez

Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego

Esta versión en galego recibiu o Premio Plácido Castro de tradución en 2009.




Illa decepción

Berta Dávila

Editorial Galaxia

Premio Narrativa Breve Repsol 2020

Que queda de nós nas casas onde vivimos noutro tempo? Se algo permanece nelas, pódese acceder a aqueles momentos, ás sensacións idas? A protagonista desta novela expándese en dúas direccións aparentemente opostas: a do vencello cotián co seu fillo durante o confinamento e a do resto daquela nena que aínda perdura na súa imaxinación. Así, movida por un soño, máis de vinte anos despois de abandonalo, decide presentarse no apartamento onde viviu coa súa familia durante a nenez e a adolescencia



Carrusel

Berta Dávila

Editorial Galaxia

Premio García Barros 2019

Premio da Crítica Española 2019

Unha escritora que atravesa unha crise creativa decide elaborar un relato do seu percurso vital coa intención de encontrarlle sentido a un pasado difícil, marcado pola doenza mental que padece. Enfrontar as propias pantasma nun libro lévaa a mergullarse no pouso íntimo das vivencias que o tempo deixou atrás e nas afinidades ignotas e inusitadas que elaboran as lembranzas da súa historia familiar e persoal. Só así será quen de afondar na súa condición de enferma, na súa relación co imprevisible tío Carlos, que sofre a mesma doenza, e tamén na súa experiencia coa maternidade e coa perda de seres queridos. É posible que iso a axude a dar significado ao pasado e a entender o futuro, mais ningún futuro está escrito e, moito menos, o de quen escribe para intentar salvarse.



O derradeiro libro de Emma Olsen

Berta Dávila

Editorial Galaxia

VII Premio de Narrativa Breve Repsol 2013

Premio da Asociación de Editores como Mellor Libro de Ficción 2013

Premio Guillermo de Baskerville que organiza o blog Libros Prohibidos, 2015

Emma Olsen afronta os seus derradeiros meses de vida afectada por unha enfermidade terminal e sabe que a morte non tardará en chegarlle. Mais Emma Olsen é escritora, e decide dedicar o tempo que lle queda a rematar unha novela que non é exactamente unha novela, senón unha crónica en primeira persoa dos anos máis importantes da súa vida, os do final da adolescencia. Escribe para revelarnos unha historia de segredos agochados moito tempo. E por iso regresa a Faith, a pequena cidade perdida do Medio Oeste norteamericano na que naceu, un lugar no que semella non acontecer nada interesante nunca, mais que garda, soterrado, un universo de mentiras e conflitos entre os seus poucos e singulares habitantes.



O cuarto de Jane

Charo Pita

Editorial Caldeirón

XV Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas

O xurado manifestou que se trata "dun libro transgresor, pola súa beleza e pola frescura coa que se aborda o erotismo, sempre de forma directa, sen complexos, libre" e destacou que é un traballo "moi ben construído, radicalmente heterodoxo, protagonizado por mulleres e onde a poesía brilla na transparencia de cada verso".




Rascamasseiras

Laura Ramos

Editorial Caldeirón

Accésit do XV Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas



Ulcis

Xosé Fernández Ferreiro

Edicións Xerais

Xosé Fernández Ferreiro comezou a deseñar o personaxe de "Ulcis" entre 1958 e 1963 e traballou nel ao longo de toda a vida. Aquel universo literario espertou a admiración dos seus compañeiros de Brais Pinto, especialmente a de Reimundo Patiño e X. L. Méndez Ferrín. Xerais publica postumamente este libro da man de Francisco Fernández Naval, que achega tamén o epílogo, e con limiar de Ferrín.



MemOria

Arturo Lezcano

Editorial Doutor Alveiros

A memoria é un espazo en reconstrución. Como unha novela cruzada polos xéneros. Como unha cidade de provincias que nunca se encontra a si mesma. *MemOria* é unha novela rebelde ás etiquetas de cores, que mantén un singular xogo coa realidade. Unha novela de transuntos e álter egos nunha cidade contada en primeira persoa. Unha historia de historias construída coa ironía como arma de defensa colectiva. *MemOria* é unha novela de Arturo Lezcano que conseguiu ser, ao tempo e sen desvío, protagonista e narrador dunha época. Ese tempo no que resistir e facer o correcto eran a mesma cousa. Como agora.




Clave de bóveda

Manuel Álvarez Torneiro

Factoría K de Libros

Este novo libro de Manuel Álvarez Torneiro, inédito e póstumo, é un agasallo que lles deixa o seu autor aos amantes da palabra. Tamén nesta obra volve ofrecer -algo propio dun servo da beleza bálsamos para a alma. A súa é unha poesía contra a memoria dunha infancia rota, contra a fame de soños e de pan, contra os océanos da fatalidade e contra o medo que arrefría o corazón. É asemade unha poesía teimuda e permanentemente a favor do milagre invencible do amor, do matemático consolo das músicas e do estourar cómplice da rosa e da camelia. A favor, en suma, da esperanza...



Festina lente

Marcos Calveiro


Edicións Xerais

Premio da Crítica (2008)

Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Narrativa adultos (2008)

Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego do Ano (2009)

Novela histórica, ambientada na Compostela do século dezasete, escrita con enorme alento e prosa inusualmente depurada, propón ao lector unha intrigante viaxe polo mundo dos libros e o coñecemento nun tempo de intolerancia.



Cine y sexopolítica

Alberto Berzosa

Editorial Brumaria

O obxectivo do libro é destacar o papel desta escena creativa no contexto artístico e político da Transición polo menos en dous sentidos: como un espazo privilexiado da liberación sexual para a produción de imaxinarios utópicos e de revolta; e como unha rede afectiva e profesional a través da que se formaron lugares de encontro ao redor do feito cinematográfico baseados en experiencias colectivas (de produción, difusión e recepción, pero tamén afectivas) e autoxestionadas que constituíron verdadeiras alternativas ás dinámicas do cinema comercial.



Algúns contos completos

Domingo Villar

Editorial Galaxia/Siruela

Algúns contos completos reúne unha selección de relatos que o autor foi producindo ao longo dos anos. Uns foron recollidos en diarios ou lidos en público, outros son inéditos, pero todos estaban contemplados como narracións orais que Villar “reservaba para encontros familiares sen outra intención que celebrar a risa compartida e a amizade”.



O último barco

Domingo Villar

Editorial Galaxia/Siruela

A filla do doutor Andrade vive nunha casa pintada de azul, nun lugar onde as praias de ondas mansas contrastan co bulir da outra beira. Alí, as mariscadoras pescudan na area, os mariñeiros botan os aparellos á auga e os que van traballar á cidade agardan no peirao a chegada do barco que cruza cada media hora a ría de Vigo. Unha mañá de outono, mentres a costa galega se recupera dos estragos dun temporal, o inspector Caldas recibe a visita dun home alarmado pola ausencia da súa filla, que non se presentou a un xantar coa familia na fin de semana nin acudiu o luns a impartir a súa clase de cerámica na Escola de Artes e Oficios. E, aínda que nada pareza alterado na casa nin na vida de Mónica Andrade, Leo Caldas axiña ha comprobar que na vida, coma no mar, a máis apracible das superficies pode agochar un fondo escuro de correntes devastadoras.




Palabra de bruxa

Andrea Barreira

Editorial Galaxia

Esta é a historia de Berenice, pero tamén de Xoana, de Morgana, de Marga, de Catalina, de Quioteria... das mulleres que non renunciaron á voz propia. Elas toman a palabra con foraza e sentímola poderosa no aquelarre, no fogar, na rúa, nos espazos onde as sitúa a vida. E canda elas as persoas que as acusan, que as sinalan, que as xulgan e as condenan sen escoitalasm, que exer en o seu poder. E á súa vez aquelas coas que comparten o seu amor.



Abellón. O libro negro das zoadeiras

Xoán Xil e Mauro Sanín

aCentral Folque

Este libro é un ensaio de divulgación sobre o mito das abellas dentro das prácticas populares galegas asociadas coa morte e a súa relación con instrumentos universais como as zoadeiras ou bramadeiras. Achega ideas e referencias arredor do mundo apícola, os rituais de tránsito ou o son como fenómeno acústico e social en moitas culturas e momentos históricos.




Coidadora

María Marco Covelo

Edicións Xerais

Premio Xerais de Novela 2020

Esta novela descóbrenos unha nova e orixinal autora que aborda un tema de enorme actualidade: o das coidadoras. Os coidados significanse como a expresión máis radical da disidencia, como un acto político, revolucionario e antiproductivista capaz de desconcertar o capitalismo. A través dun relato poliédrico, a personaxe principal conéctanos con intrahistorias, metahistorias, ideas ou conceptos que rematan nunha verdadeira baixada aos infernos de xeito catártico. «Coidadora» é unha obra ateigada de referencias, fragmentaria e resistente, capaz de dialogar cos problemas da sociedade actual, facéndonos partícipes da tensión e da angustia que provocan as tarefas dos coidados a persoas dependentes. A autora bota man de textos narrativos, líricos ou científicos para construír unha paisaxe literaria con distintos planos que dan lugar a unha obra singular, suxestiva e atrevida.



Santoamaro

Antonio M. Fraga

Edicións Xerais

Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2020

Finalizado o seu derradeiro ano no instituto, unha cuadrilla de rapaces e rapazas dispónse a gozar do verán tras o cal, posiblemente, os seus camiños se afastarán para sempre.

Despois dunha noite de festa acaban na praia de Santo Amaro, onde prometen xuntarse nas madrugadas dos sábados para bañarse no mar e conversar. Nese único escenario van agromando as relacións e os segredos, a amizade e a traizón, os medos e as feridas. Cara

ao final do verán, un terrible acontecemento dinamitará o que semellaba un grupo indestrutible e desvelará aspectos dos protagonistas ocultos até entón. A mestura libremente a narrativa co teatro para crear unha novela híbrida, na que a praia se constitúe no escenario dramático onde emerxe unha historia tan contemporánea como viva.



A folla azul

Andrea Maceiras

Edicións Xerais

Premio Merlín de Literatura Infantil 2020

A Amazonia é un mundo verde e único. Tamén é o fogar de moitas tribos indíxenas que viviron alí desde o inicio dos tempos. Algunhas delas manteñen relación coa civilización, mentres que outras decidiron permanecer voluntariamente ocultas no corazón da selva. A miña tribo é unha delas. Eu son Husu Aké, membro da tribo dos Tacaré, filla da Nai Terra e habitante do mundo verde. E esta é a miña historia.



Colección *Defensoras de dereitos*

Lara Dopazo Ruibal

Agareso

A colección *Defensoras de dereitos* nace para visibilizar a través da literatura as vidas e o compromiso coa xustiza das máis de 2000 mulleres defensoras organizadas na Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos (IM-Defensoras). Os tres primeiros volumes narran as vidas de Miriam Suazo, Estela Ángeles Mondragón e María Cuc Choc, tres activistas de Honduras, México e Guatemala que teñen en común ter feito da defensa dos dereitos humanos nunha das rexións máis perigosas do mundo o seu proxecto vital e político.

ROBERTO
VIDAL
BOLAÑO

DOENTES


POSITIVAS

Doentes

Roberto Vidal Bolaño

Edicións Positivas

Esta obra quere ser unha homenaxe a Valle Inclán e ao seu teatro, especialmente *Luces de Bohemia*, coa súa condición de "viaxe dantesca, de peregrinación aos infernos". *Doentes* ambiéntase no Santiago dos anos 50, cando o vello Hospital vai ser reconvertido en Parador de Turismo e, de forma apresurada, os enfermos son desaloxados. Algúns, aqueles con recursos, puideron ser realoxados en pensións ou casas particulares, pero outros vagaron coma espectros durante días polas rúas de Compostela.




Rastros

Roberto Vidal Bolaño

Edicións Positivas

O intento de suicidio dunha muller na flor da súa idade convoca durante o tempo no que permanece ingresada na UVI á espera dun desenlace incerto, aos tres hoems cos que compartiu os seus sentimentos, os seus soños e as súas ilusións. Ela é unha muller de volta xa de todos os camiños. E eles: un escritor de novelas ás que como lector nunca lle metería o dente. O especialista en estrutura económica que vende máis electrodomésticos ao semestre. E un preso independentista membro do Exército Guerrilleiro do Pobo Galego Ceibe. Ao longo desa tensa espera, de par que reflexionan arredor das grandezas e das miserias da súa vida en común, e do tempo no que esa vida en común se deu, relembran o que foi a súa existencia e as razóns que levaron a cada quen a ser o que hoxe é, e a estar onde hoxe está. Unha mirada sobre nós mesmos, feita dende o envés. Dende o outro lado das cousas. Ese que de común se nos secuestra ou non sempre se nos deixa ver.




As actas escuras

Roberto Vidal Bolaño

Edicións Positivas

Don Mauro debe redactar un informe co resultado das súas pesquisas, que será enviado a Roma para ser ratificado polo Supremo Pontífice o Papa León XIII. Para esta tarefa, Don Mauro viaxa acompañado do seu sobriño Casiano, mozo librepensador, licenciado en Xeografía e Historia, que no seu afán da busca da verdade dende postulados científicos, causará certas reticencias tanto nos numerosos cóngos da catedral como noutros representantes da curia eclesiástica, incluído o propio cardeal. A ocultación da verdade e a manipulación, así como o posible sentido ético e a punibilidade destas condutas son algúndos temas abordados nesta peza que remata nunha sorprendente aposta pola defensa da razón, da verdade e da beleza mundana e vital.



Compostela no cinema

Yolanda López

Consortio de Santiago/Editorial Guiverny

Este estudo profunda na imaxe de Compostela en relación co cinema e a ficción televisiva dos primeiros vinte anos de século XXI e amosa como a través do cine se reforzou a percepción da cidade no imaxinario colectivo. No libro analízanse once filmes representativos, realizados tanto por directores galegos coma foráneos. Ademais, a autora incorpora entrevistas a directores, guionistas e produtores. As reflexións de Jorge Coira, Fernando Cortizo, Suso de Toro, Camilo Franco, Antón Reixa, Ángel Santos e Alfonso Zarauza enriquecen a proposta como creadores que alimentan o retrato compostelán, contribuído a afianzar o coñecemento do noso patrimonio e da nosa historia.



Así empieza todo

Esteban Hernández

Editorial Ariel

Desde hai poucas décadas, o mundo trastornouse: valores morais, formas de vida cotiá, modos de produción, de comunicación e de relacionarse coa natureza, estruturas sociais e de poder cambian a un ritmo acelerado, e esa vertixe de incertezas desata inseguridades, por non dicir melancolía ante o perdido. E, aínda por riba, chega a pandemia.

A aparente asepsia e sensatez dunha nova realidade que se presenta como pensamento único e razoable mentres remata con canto toca require unha intervención inmediata.

Cuestión de supervivencia ante cambios que nos desbordan. E, visto este panorama, diso trata este libro: comprender e reformularse o mundo coas ferramentas de que dispoñemos: a cultura e o pensamento.



El tiempo pervertido

Esteban Hernández

Ediciones Akal

As sociedades occidentais están en proceso de transformación. Aos cambios nos sistemas produtivos, os desenvolvementos tecnolóxicos e o crecente peso do financeiro súmanse as tensións sociais, a aparición de novos actores políticos e o regreso da xeoestratexia. O libro traza un mapa esencial para entender as forzas que están a definir a nosa época e comprender as dimensións do xiro conservador emprendido. A obra contén un percorrido polo futuro que nos espera, un resumo das transformacións nas que estamos inmersos e da orientación política que as anima, así como un avance das consecuencias que producirán. Inclúe unha análise da recomposición do poder, e das resistencias que se adiviñan. Pero ademais dunha radiografía do noso tempo, inclúe unha proposta para distinguir esquerda de

dereita nesa nova contorna, e das posibilidades de acción que se abren nela. O texto é unha guía para o século XXI.

FEMINISMOS

Movendo os marcos do patriarcado

O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán

Marilar Aleixandre
María López Sández



Movendo os marcos do patriarcado

Marilar Aleixandre e María López Sández

Editorial Galaxia

As ideas de Emilia Pardo Bazán contribuíron a mover os marcos do patriarcado. Para alén de denunciar a violencia contra as mulleres, a física, dando nome aos mullericidios, e a simbólica; de criticar a asimetría nos xuízos a mulleres e homes; de esixir a fin das discriminacións que impedían ás mulleres estudar e exercer traballos remunerados, identificou algunhas das bases ideolóxicas que sustentan estas discriminacións e violencias, algúns dos mecanismos polos que se exercen, o que hoxe chamamos patriarcado. Exemplos son a doutrina que supón diferenzas naturais, intelectuais e mesmo morais entre mulleres e homes; a negación ás mulleres dos dereitos chamados “universais” asignándolles un destino relativo ao dos varóns e a familia; a crenza en que os homes son donos da vida e morte das mulleres. Coa súa vida e a súa obra, Emilia Pardo Bazán afirmou o dereito das mulleres a seguir “o seu propio destino”, ao pracer, a tomar a pluma e reivindicar as mulleres “até a última gota de tinta”.

María Pilar García Negro



Galiza e feminismo en Pardo Bazán

M^a Pilar García Negro

Alvarellos Editora

A profesora e investigadora María Pilar García Negro examina, neste ensaio, o feminismo de Emilia Pardo Bazán, a súa actitude ante a lingua e literatura galegas ou o trato que dispensou a Rosalía de Castro. Tamén analiza o xeito en que a autora coruñesa exercía de

galega e a imaxe que proxectaba do país; e, por último, o seu posicionamento ideolóxico ou político. En todos estes asuntos, deixa falar á propia Pardo Bazán, quen irá retratándose a través da súas obras ou declaracións. Este volume presenta unha ollada ben diferente aos estudos e libros publicados ata hoxe sobre a recoñecida narradora.



Emilia Pardo Bazán. Unha mente poderosa

María Canosa

Editorial Bululú

Este libro busca achegar a todos os públicos, aínda que especialmente aos nenos, a figura polifacética de Emilia Pardo Bazán a través de momentos da súa apaixonante vida.

Sorprenderanos a nena curiosa e gran lectora, a muller namorada e independente e a autora de carácter, rebelde ao rol que se esperaba de toda dama nun ambiente social e familiar privilexiado. A través da lectura, o estudo e unha capacidade de traballo infinita, conseguiu ser recoñecida no seu tempo sobrepoñéndose, en non poucos momentos, ao desdén de moitos compañeiros e académicos mentres era recoñecida, nacional e internacionalmente, por público e crítica.

A ilustración, creada por Bea Gregores cunha particular utilización de técnicas tradicionais que combinan debuxo e cores acrílicos de gran forza, inspírase e apoiase, ademais de nos textos sinxelos e ben documentados de María Canosa, en fotos e noticias da época, así como en monumentos e edificios que aínda existen hoxe, buscando recrear o ambiente e lugares que frecuentou a autora cunhas imaxes moi recoñecibles e atractivas.



Crónica dunha heterosexual insatisfeita


María Ángeles Iglesias

Editora Urutau

Non sei se falar ou non nestes casos, pero quero que saibas que son unha muller común e normal; que a miña vida non ten nada extraordinario, nada do que dis: “Xesús, que muller!”. Non. De feito, nunca arranxes nada alí. Non son maniac nail nin perverted nail. Tampouco é que se sempre te sentes mal na túa cabeza ... Se te enfrontas a isto seguido e non as raras nin nada ... Que cada un faga a súa vida, que non é para xurar. O que quero dicir é que hoxe é a miña primeira vez e que non hai outra cousa que me destaque. Unha muller normal como talón outra, do montón, sen grandes preguntas; e que este é o máis delirante que soluciona na miña vida.

-

Non se é necesario dicir ou non nestes casos, pero quero saber que son unha muller normal e común; que a miña vida non ten nada de extraordinario, nada do que dis: “¡Bueno, bueno, bueno! Que muller!” Non. De hecho nunca acertou algo así. No soy una maniac ni una pervert. Tampouco é que se sempre estivo enfermo. Son quen de seguilo e non son raros nin nada ... non é só para juzgar, cada un ten a súa vida ... Quero decidir que hoxe é a miña primeira vez e non teño outra cousa que destacar de min. Unha muller normal, como calquera outra muller, sen grandes preguntas e son máis delirantes que na miña vida.




Identidade. A normalidade do non-común

Nee Barros Fernández

Editorial Galaxia

Unha obra de teatro que fala da liberdade, da necesidade de ser e, sobre todo, da identidade. O simple acto de nacer marca a nosa vida nun molde que a sociedade se encarga de contornar e puír. Mais, que pasa se nacemos nun molde “equivocado”? Zé, o noso protagonista, vive unha historia chea de valentía, loitando a contracorrente por construír a súa propia identidade. Coa complicidade dos seus amigos e a súa familia, percorrerá un camiño en que moitas vendas negras, que tapan os ollos e a alma, caerán ao chan. Rompendo todos os moldes, Zé será quen de amosarlle a todas as persoas que dá igual como te vexan os demais. O máis importante é como nos sentimos nós, ser quen queiramos ser e seguir sempre o que dite o noso corazón.



ComPOPstela. Música moderna en Santiago (1954-1978)

Alfonso Espiño

Consortio de Santiago

Cal foi o primeiro conxunto musical galego en saír por televisión? Realmente formouse un grupo moderno nas torres da catedral de Santiago? Onde se compraban as guitarras? Estas e outras interrogantes desvélaas o autor deste completo manual para coñecer a música compostelá destas décadas douradas da música pop, acompañado de numeroso material fotográfico inédito.



Parece unha formiga

Pablo Otero 'Peixe'

Kalandraka Editora


Poético, enigmático, reflexivo, ás veces transcendental... Este libro de textos ilustrados quere ir contigo, na túa carteira ou no teu peto, respirar o aire que respiras, ir ao ritmo dos teus pasos, mimetizarse coa túa pel.

Paula Carballeira

E continuaremos a contar

A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivência

Prólogos de Lara Rozados e Cristina Taquelim




E continuaremos a contar. A narrativa oral como ato de visibilidade e sobrevivência

Paula Carballeira

Através Editora

“O que contamos reescreve-nos, permanentemente. Assim, vamos preparando o tempo que há-de vir, quase sempre incrédulos com a metamorfose que é a vida. Contamos, porque a isso estamos obrigados, pela nossa natureza narrante, pela nossa condição de ‘animal imaginário’, por compreendermos a finitude dos dias, pela inquietação de sabermos que, um dia, seremos apenas as histórias que contamos”, di Cristina Taquelim no prólogo.



A Desvértebra

Ana Romani

Chan de Pólvora

A desvértebra é un territorio literario, xeográfico e político que Ana Romani cartografía co rigoroso instrumental do poema, convertido aquí na substancia dun corpo común, social, inmovilizado, pero tamén nun exercicio liberador de ironía e irreverencia paródica. En *A desvértebra* todo semella estar a caer e nese abismo conflúen tempos e espazos. Os seus exhaustos organismos, sometidos ao escrutinio, ao control, á disección, á disciplina, aos mecanismos diarios da vixilancia, explotación e espolio, parecen subsistir nos ámbitos sitiados por unha autoridade que se arma nos discursos, con estratexias despregadas no emocional, no intelectual e no físico. E aínda na crueldade táctica disciplinaria e nos espazos cotiáns onde se manifesta tentacular ese dominio, Ana Romani fai emerxer orografía imprevistas, outras formas da materia vibrante, acaso a vida.




A árbore da escola

Antonio Sandoval e Emilio Urberuaga

Raquel Senra

Kalandraka

A importancia da educación ambiental, o contacto directo do alumnado coa natureza para a súa formación integral e o espírito colaborativo na comunidade educativa están presentes en *A árbore da escola*. Esta historia de estrutura circular narra -cunha linguaxe sinxela- a relación entre un neno e unha pequena árbore que vai medrando grazas ao agarimo que recibe del, e ao afecto doutros compañeiros que seguen o seu exemplo. Malia a reticencia inicial a que interactuaran coa árbore, a propia mestra acaba sumándose tamén á iniciativa dos alumnos, que conseguen chamar a atención dos botánicos.



cuarto de Inverno

Os libros que hai en min

Emma Pedreira

Cuarto de Inverno

Cando unha pensa que un día sen ler é un día perdido, o fai en calquera parte e o comparte nas redes sociais, corre o risco de que unhas editoras atentas e curiosas lle pidan algo así como unha “biografía bibliográfica”. Un ensaio que percorra a vida dunha bibliópata desde a infancia ata os, poñamos por caso, corenta anos; desde que odiaba ler ata chegar ao punto de desexar non parar de facelo, no que conte as súas vivencias arredor desas obras que supuxeron un antes e un despois. Un texto cheo de humor, amor, anécdotas, digresións e libros. Os libros que hai en Emma Pedreira.



Lucero

Aníbal Malvar


Ediciones Akal

As vidas dos poetas malditos están sometidas ao capricho de quen queira interpretalas. *Lucero* é e non é unha novela sobre a vida e o tempo de Federico García Lorca. Quizá si o relato de como un país se confabula para conceder a un poeta o dereito para morrer asasinado.

É 1916 na Vega de Granada, a terra máis rica de Andalucía e escenario de incendiarios conflitos sociais e políticos, onde os alpargateiros pasan fame e os terratenentes –como o pai do Lucero– fanse inmensamente ricos co contrabando de alimentos básicos cara ás fronteiras da Gran Guerra. É tempo de xinetes e pistolas, *rebentafolgas* sanguinarios, bolchevistas iracundos e garda civís bébedos.

Nesa paisaxe forxárase a primeira axitación poética do Lucero antes de mergullarse no vanguardismo irreverente da madrileña Residencia de Estudiantes, con Dalí e Buñuel e as “sinsombrero”. Vivirá estrepitosos fracasos teatrais e ata a dentada censora da ditadura de Primo de Rivera. A persecución ao maricón da tenebrosa España. O éxito internacional. A singradura da Barraca, a súa compañía teatral, levando a Lope e a Cervantes polos pobos baixo a constante ameaza dos falanxistas...

Con mesturas de realidade, balbordo, ficción, noticias de prensa, cartas, entrevistas e publicidades, *Lucero* convértese nun quebracabezas cubista onde cabe todo. Quizá, tamén, o correcto manual de instrucións para asasinar a un poeta.



Federico García Lorca en Santiago de Compostela

Henrique Alvarellos

Alvarellos Editora

Pasear con García Lorca pola súa amada Compostela. Escoitalo recitar, cantar ou tocar o piano, observar como debuxa, como escribe, con quen fala, que lugares visita... Esta é a crónica do poeta andaluz que nos presenta Henrique Alvarellos, a dun escritor que se definiu como “poeta galego”. Federico García Lorca viviu nesta cidade momentos inesquecibles.

Un volume ilustrado con máis de setenta documentos e fotografías, ademais de numerosas anécdotas e testemuños, moitos deles moi descoñecidos. Inclúe o trazado da primeira ruta lorquiana pola cidade de Santiago de Compostela.

AS AUTORAS E AUTORES DA SELIC

Carlos Negro (Lalín, 1970) iniciouse no xénero poético con *As laranxas de alí babá* (1998). En Xerais ten publicado *Far-West* (2001); *Makinaria* (2009); *Penúltimas tendencias* (2014), Premio da AELG á mellor obra de literatura infantil e xuvenil; *Masculino singular* (2016) ou *Aplicación instantánea* (2018), Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil. Recibiu tamén o Premio Johán Carballeira polo poemario *Héleris* (2003), o Victoriano Taibo por *Cultivos transxénicos* (2008) e o Fiz Vergara Vilariño por *Tundra* (2017). Ensaíou o xénero satírico no dicionario *Abelcebú* (2010), de carácter burlesco. Nos últimos anos vén desempeñando un continuo labor de achegamento da poesía ao público xuvenil, a través de recitais e obradoiros por toda Galicia. En 2018 recibiu o Premio dos Clubs de Lectura que outorga a Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia ao autor máis lido do ano 2017. Non cantan paxaros neste bosque (*Xerais*, 2021) é a súa última obra.

Benxamín Otero (Lalín, 1979). Benxamín mira as nubes. Gústalle miralas. Tamén lle gusta a beleza da luz pousada, e das flores. O que contan as mans, as maneiras diferentes de dicir. Ou os pequenos asombros. Ás veces intenta gardar esas maxias do cotián nalgunha fotografía ou nunha música. E xogar.

Kike Estévez. Licenciado en Filoloxía Galega e con Mestrado de Ensino Secundario, actualmente é profesor de linguas cooficiais (galego e castelán), e de lingua portuguesa. Imparte Obradoiros de improvisación oral en verso en centros de ensino do país para a Asociación ORAL de regueifeir@s de Galiza, da que forma parte como improvisador e investigador. No eido da regueifa, tamén colabora co xornal mensual *A Nova Peneira*.

Lupe Blanco (A Coruña, 1972) é regueifeira. Pandereteira dende os sete anos, entra no mundo da regueifa recordando ó seu bisavó Blanco de Muiñoaseco, considerado o “padriño” da regueifa en Bergantiños. Crea a súa páxina nas redes sociais “Regueifando pola vida” e colle un mérito notorio na comarca de Bergantiños, tanto é así que colabora dende o 2016 cunha regueifa semanal en *Radio Voz Bergantiños* e publica no dominical de *La Voz de Galica* edición Carballo.

Gabriel Gómez Estévez é filólogo e escritor. Naceu en París en 1980, pero viviu a infancia mais a mocidade en Vigo. Cursou os estudos universitarios de filoloxía galega na USC e desde aquela non abandonou Santiago. Actualmente leva un negocio multidisciplinar enfocado na maternidade/paternidade, aínda que ten traballado como profesor, traductor, asesor lingüístico, libreiro e camareiro. Tamén é pai a tempo completo. Ten dúas obras publicadas, un relato longo, *Moçalomihí*, gañador do Premio Xuventude crea 2005 da Xunta de Galicia; e unha novela *Matrioskas*, (editorial Do Peirao, 2018). Gañador do Premio SELIC 2020 coa novela *Baleiro* (Edicións Positivas/Concello de Santiago).

Óscar Senra é licenciado en Ciencias Sociais pola Universidade Aberta de Lisboa, e socio traballador de MAOS innovación social, unha sociedade cooperativa compostelá centrada nos ámbitos da cultura, a comunicación e a etnografía. Dispón de dúas novelas publicadas, *Dixie em Wonderland* en 2018, e *Sete días com Elisa* (2020); as dúas de A traves editora. Tamén é coautor do libro *A derrota do Scórpio. Un paseo por Santiago con Ricardo Carvalho Calero* editado este ano polo Concello de Santiago. Recibiu un accésito do Premio SELIC de creación literaria pola obra *O novelo*.

Fernando Epelde (Ourense, 1980). Dramaturgo, músico, compositor, intérprete. A súa formación é variada e irregular, ao principio centrada no ámbito da interpretación (Espazo Aberto, en Santiago de Compostela, ou Juan Carlos Corazza, en Madrid) e a edición de vídeo, pero foi á beira dos dramaturgos galegos Carlos Losada e Rubén Ruibal onde perfila o seu estilo e o seu camiño como escritor. Traballa frecuentemente coa compañía de teatro Voadora, desempeñando varios roles tanto dentro como fóra do escenario. Gozou das bolsas ETC da Sala Cuarta Pared de Madrid, Iberescena (en Berlín) ou da Axuda a Dramaturxias Actuais do INAEM, así como do Laboratorio de Escritura Teatral da Fundación SGAE. Tamén escribiu na Residencia en la Fundación Toji (Corea), Teatro DCP (Perú) ou na MA Scene Nationale de Montbéliard, entre outros. Actualmente compaxina o seu traballo como dramaturgo co seu proxecto musical Chisme.

Xurxo Mariño é doutor en Ciencias Biolóxicas especializado en Neurofisioloxía e profesor do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas da Universidade da Coruña, ademais de viaxeiro e fotógrafo afeccionado. Formouse como biólogo na Universidade de Santiago e realizou o seu posdoutoramento no Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts (MIT). Desde hai anos dedica unha parte importante do seu tempo á divulgación do coñecemento científico e a súa interacción coas artes e as humanidades mediante espectáculos teatrais, relatos de ficción, colaboracións en revistas, radio, TV e Internet, e libros como *Os dados do reloxeiro* (2005), *Po de estrelas* (2007), *Neurociencia para Julia* (2012), *Terra. Ciencia, aventura e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo* (Xerais 2017) e *El misterio de la mente simbólica. Cerebro, lenguaje y evolución* (2018). No ano 2011 recibiu o Premio Especial do Xurado do I Certame FECYT de Comunicación Científica, e en 2014 o Premio Tesla de Divulgación. En 2017 foille concedido o premio Lois Peña Novo. No ano 2018 recibiu o premio da modalidade de «Divulgación» na Gala do Libro Galego pola súa obra *Terra*, libro que tamén levou unha mención de honra na edición de 2018 dos premios PRISMA dos Museos Científicos Coruñeses.

Arancha Nogueira naceu un domingo de setembro preguiceiro como todos os domingos de verán. Foi no ano 1989 en Ourense, terra da chispa, das castañas e dos Entroidos (e tamén

de Pura e Dora Vázquez). Foi bastante corremundos, pero leva uns aniños afincada en Compostela.

De pequena quería ser escritora, profesora e actriz de musical. Agora confórmase con ser as dúas primeiras, pero segue cantando e bailando na casa, onde monta grandes producións teatrais. Sempre lle gustou a escola, onde aprendeu a escribir, que é probabelmente a cousa que máis lle gusta no mundo. Ademais, vén dunha familia de mestres: mamá, papá, a avoa Paz...

Leva moitos anos escribindo poesía e algúns publicando libros, como o *único lugar onde ficar inmóbil*, *#hashtags para un espazo agónico* ou *Dente de leite*, pero sempre se lle fan poucos e apetécelle escribir máis. Se cadra porque desfruta de contar historias e aprender cousas, a outras e a si mesma, igual que fan as mestras e as viaxeiras.

Carlos Santiago (Santiago de Compostela, 1966). Escritor, poeta, dramaturgo e director escénico fixo parte da xeración de creadores e activistas culturais que emerxeu nos anos noventa á volta da Nave de Servizos Artísticos (NASA). Formou parte de bandas de rock como Nicho Varullo, a Banda da Nasa ou a Psicofónica de Conxo. É autor dun poemario, *Metalurxia* (Positivas, 1996) e de textos narrativos como *Acantinado* (Edicións do Trece, 2008); así como diversos espectáculos de poesía portátil: *Textículos*(2004), *Desacordos Ortográficos* (2007) ou *As Cinzas de Pasolini* (2014).

No seu traballo como dramaturgo e director escénico, que desenvolve tanto na Galiza como en Portugal, é autor de mais de trinta pezas estreadas a un lado e outro do Miño, entre elas, *Au Gaciar*(1999) *Ascensão e Queda de Zé Grotewski* (2001), *Ratman e Boby* (2001), *Abraço de Ferro* (2002), *Sidecar* (2003), *Mamã Lusitânia* (2005), *Finlandia* (2008), *O Vegetal* (2011), *República de Gundián* (2013), *Ruína* (2014), *Dura Lex* (2014), *Cicatriz* (2015), *Tráfico* (2016), *Cranios Privilexiados* (2017), *Falar por Falar*(2018), *Ensaio sobre a Blasfemia* (2020) ou *De volta sem Magalhães* (2020).

María Reimóndez (Lugo, 1975) é tradutora e intérprete de profesión e feminista por convicción. O seu primeiro libro publicado foi o poemario *Moda Galega* (2002), ao que regresou nunha reescrita dez anos máis tarde en *Moda Galega reloaded* (2013); posteriormente publicou *kleinigkeiten/cousiñas* (2013) e *Presente continuo* (2013). En 2017 gañou o Premio de Poesía Johán Carballeira con *Galicia en bus*. Como narradora, é autora das seguintes novelas: *O Caderno de Bitácora* (2004), premio de novela Mulleres Progresistas 2003; *O club da calceta* (2006), finalista do Premio Xerais 2005, Premio Arcebispo San Clemente 2007, traducida ao castelán, italiano e francés, e adaptada á escena e ao cine; *Pirata* (2009), traducida ao italiano; *En vías de extinción* (2012), traducida ao castelán; *Dende o conflito* (2014), Premio Xerais de Novela; *A música dos seres vivos* (2015); *A dúbida* (2016), Premio La Voz de Galicia de Novela por Entregas; *As cousas que non queremos oír* (2017) e *As estacións do lobo* (2019). No ámbito da literatura infantil e xuvenil é autora de *Usha* (2006), finalista do Premio Merlín 2005, *Lía e as zapatillas de deporte* (2008), *O monstro das palabras* (2009), *Volvo! O regreso de Usha* (2014), *Corredora* (2017), *Fóra do normal* (2018), Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade, e *A formiga destemida* (2020). Como ensaísta publicou *Feminismos* (2013), en coautoría con Olga Castro, *A alternativa está aquí* (2014) e *Corpos exorbitantes* (2017), Premio Xohana Torres de Ensaio. En 2015 a AGE concedeulle o Premio Xosé María Álvarez Blázquez á autora do ano. É fundadora da ONG de cooperación ao desenvolvemento Implicadas.

Celia Recarey é editora e cofundadora, xunto a Carlos Valdés García, da editorial Irmás Cartoné, dedicada á tradución ao galego de textos clásicos da literatura universal.

María Alonso Seisdedos. Tradutora e correctora a partes iguais e coa mesma paixón. Licenciouse en Filoloxía Hispánica pola Universitat Autònoma de Barcelona (1984) e en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (1988). En 1986 iniciouse nos misterios da tradución de audiovisuais para dobraxe e subtítulado, labor que

durante todos estes anos compaxinou coa corrección ortotipográfica e de estilo para diversas editoriais. O soño de acceder á tradución literaria cumpríuselle en 2009, con *O museo da inocencia* (Masumiyet müzesi), de Orhan Pamuk, en colaboración con Bartuk Aykan, que foi recoñecida co premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega á Mellor Tradución dese ano. Desde aquela enfrontouse a diversas obras de literatura para adultos e de infantil e xuvenil. Pola versión galega de *Ulises* de James Joyce, recibiu, xunto aos seus colegas Eva Almazán, Antón Vialle e Xavier Queipo, os premios á Mellor Tradución de 2013 de Fervenzas Literarias, o Lois Tobío de Tradución da Asociación Galega de Editores, o Irmandade do Libro da Federación de Librarías de Galiza, e o da AELG á Mellor Tradución de 2013, ademais do Premio Nacional á Mellor Tradución 2014 que outorga o Ministerio de Cultura, Educación y Deporte.

Gabriel Álvarez Martínez (O Carballiño, 1985). Tradutor do xaponés, inglés e francés ao castelán e ao galego. Membro da directiva da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación. Ten traducido ao galego varias das obras do escritor xaponés Haruki Murakami, en colaboración coa tradutora Mona Imai. Colabora con editoriais como Rinoceronte e a Editorial Galaxia, así como con Tusquets e Galaxia Gutenberg.

Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) é autora de poemarios como *Corpo baleiro* (2007) e *Raíz da fenda* (2013, Premio Johán Carballeira, Premio da Crítica española, Premio da AELG). No eido da narrativa, iniciouse con *Bailarei sobre a túa tumba* (Premio Biblos de Novela, 2008), á que seguiu o libro de relatos *A arte do fracaso* (2010), traducido para o castelán e o xaponés. Recibiu o Premio de Narrativa Breve Repsol en 2013 por *O derradeiro libro de Emma Olsen*, obra que obtivo o Premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción 2013. Tamén foi nomeada pola AGE autora do ano en 2014.

Magín Blanco é un músico galego nado na Rúa (Ourense) en 1960. Compositor, guitarrista e cantante, comezou a súa carreira musical no grupo ourensán La Rosa co que editou catro discos entre 1988 e 1995. Desde o ano 2006, lanzou tres discos en solitario antes de dedicarse á música infantil, participando en moitos dos libro-discos da colección Sonárbore, como *María Fumaça*, *Rosalía Pequeniña*, *Pitusa Semifusa* ou *Xiqui xoque, fiú fiú!*. Entre as súas principais obras encontramos *A nena* e *o grilo nun barquiño*.

Charo Pita (A Coruña, 1966) é escritora, actriz e contacontos. Ten publicado *Igor* (2001), *Desde Arcadia para Govinda* (2001, Premio de poesía Espira Maior), *O arco da vella* (Xerais 2009) e *O cuarto de Jane* (Editorial Caldeirón) polo que gañou o XV Certamen de Poesía Erótica Illas Sisargas.

Laura Ramos Cuba (Burela, 1993) é xornalista e escritora. Gañou o Premio de Poesía Victoriano Taibo en 2018 pola obra *A situación actual*. E con *Rascamasseiras* recibiu un accésit do XV Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas.

Arturo Lezcano (Ferrol, 1976). Traballou 12 anos como corresponsal en Latinoamérica. Colabora con *El País*, *Gatopardo*, *O Globo*, *Jot Down*, *Vanity Fair*, *Liberio*, *La Voz de Galicia* e *tintaLibre*, entre outros. Creador dos podcasts *In situ*, *La Fortuna*, *Olafo* ou *En el corredor de la muerte*. Dirixiu *A terra onde nin o demo chegou* (TVG, 2010) e escribiu o documental *El último símbolo* (Amazon, 2020). É guionista de *Salvados* (La Sexta) e produtor de *NBC Telemundo*. Publicou *Fútbol sobre lenzo* (Lea, 2005) e os seus textos aparecen nas antoloxías *Un mundo lleno de futuro* (Planeta) e *Crónica* (UNAM).

Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932-2019). Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario *La Voz de Galicia*. Mantén unha actividade poética ininterrompida dende o seu debut serodio, coa obra *Memoria dun silencio* (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos *Rigorosamente hu-mano* (1995, Premio Esquíu), *Luz de facer memoria* (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e *Campo segado*

(2001). A estes súman-se tamén os tres libros editados na colección Tambo: *Epicentro* (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), *Setembro Stradivarius* (2004) e *Parábola do incrédulo* (2006).

Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931 - A Coruña, 2015) traballou como xornalista en La Noche, El Correo Gallego e La Voz de Galicia. A súa actividade profesional foi recoñecida co Premio Galicia de Xornalismo (1985) e coa Letra E da Asociación de Escritores en Lingua Galega (2003). Membro do grupo literario Brais Pinto, comezou a súa andaina publicando os libros de poemas Ribeirana do Sil (1952) e A noite (1959). Como narrador publicou as seguintes novelas, a maior parte delas no catálogo de Xerais: A morte de Frank González (1975), Morrer en Castrelo do Miño (1978), A saga dun afiadador (1980), A ceo aberto (1981), Corrupción e morte de Brigitte Bardot (1981), Reportaxe cósmico (1983), A fraga dos paxaros salvaxes (1985), O minotauro (1989), Agosto do 36 (1991, Premio Xerais de Novela, traducida ao castelán por Alianza Editorial), A cidade das chuvias (1994), O atentado (1999, Premio Losada Diéguez), O último paraíso (2001), Millo verde (2002), Os últimos fuxidos (2004), e Tempo de centeo (2009). Ademais, publicou o libro de relatos Co medo nas mans (1996) e o relato infantil O conto da boa e da mala pipa (1996). De Xente Nova a Brais Pinto. Memorias dun afiadador rebelde (Xerais, 2012) recolle as súas inquietudes mozas. "Ulcis" (Xerais, 2020) publícase postumamente.

Marcos Calveiro (Vilagarcía, 1968), neto de feirantes taberneiros é licenciado en dereito. Deuse a coñecer como narrador coas novelas xuvenís "Sari soñador de mares" (2006) e "Rinocerontes e quimeras" (2007). En 2007 recibiu o XVIIIº Premio Ala Delta de Literatura Infantil por "O carteiro de Bagdad", novela editada en galego e castelán, que logo recibiría o Premio White Ravens en 2008. Despois, mereceu o Premio Barco de Vapor de Literatura Infantil 2008 por "O canto dos peixes" (2008), o Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2009 e Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro Xuvenil, 2010 pola novela "O pintor do sombreiro de malvas" (Xerais 2010) e o Premio Merlín de Literatura Infantil 2012 por "Palabras de auga" (Xerais 2012). Na colección Sopa de Libros publicou "Unha casiña branca" (Xerais, 2015). En 2011 publicou "Lois Pereiro. Náufrago do paraíso" (Xerais 2011) e "Centauros do norte" (2011) polo que obtivo o Premio Raíña Lupa de literatura infantil e xuvenil 2010. Tamén é autor da tetraloxía "El samurai del rey" (2010-2011). A meirande parte da súa obra está traducida ao castelán e catalán. En Xerais Narrativa leva publicadas dúas novelas: "Festina lenta" (2008) Premio da Crítica 2008 (narrativa), Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Narrativa adultos, Autor do ano 2008 e Premio Irmandade do Libro ao Mellor Libro Galego do Ano 2009 e "Settecento" (2010). Na colección Fóra de xogo tamén ten publicadas as novelas "Todos somos" (Xerais 2013), "As palabras poden matar" (Xerais 2015) e "Todos fomos" (Xerais 2021). Como poeta publicou "Cartas do terceiro día" (2007), VIIº Premio de Poesía Concello de Carral. Mantén aberto o blog <http://alfaias.blogaliza.org> e o perfil en twitter @calveiro.

Alberto Berzosa Camacho é Doutor en Historia e Teoría da Arte pola Universidade Autónoma de Madrid e a Université de Reims Champagne-Ardenne. Autor de libros como *Homoherejías Fílmicas* (Brumaria, 2014) e *Cámara en mano contra el franquismo. De Cataluña a Europa, 1968-1982* (Al margen, 2009), e artigos como "Juegos de realidad y ficción en la obra de Llorenç Soler" (Biblioteca Nueva, 2013) ou "Cine, activismo y movimientos sociales de una España en transición" (Brumaria, 2012). Coordinou diferentes actividades, como os encontros "Nuevo cine de autor español" na librería La Central do Museo Reina Sofía (2013), e comisariou mostras cinematográficas como "Els 5 QK's: los mariquitas felices de la transición" ou "El documental de Llorenç Soler", así como a exposición "Madrid Activismos 1968-1982", dentro do programa Inéditos 2016 na Casa Encendida. É membro do colectivo Imagen Subversiva e desde esta plataforma participou en charlas, seminarios e conferencias en espazos como o Museo Reina Sofía, o Centro de Arte 2 de Mayo de Móstoles ou La Casa Encendida (Encontexto). É profesor do Curso de Especialista en Cine, Fotografía y Vídeo Político y Social da Universidad Complutense de

Madrid e ten un contrato de investigación na Universidad de Murcia asociado ao proxecto europeo Cruising the 1970s-CRUSEV.

Domingo Villar (Vigo, 1971) vive en Madrid. Coa súa primeira novela, *Ollos de auga* (Galaxia, 2006) iniciou a serie protagonizada polo inspector Leo Caldas. A segunda, *A praia dos afogados* (Galaxia, 2009), supuxo a súa consagración no panorama internacional da novela negra con traducións en todo o mundo. Completou a triloxía de Caldas con *O último barco* (Galaxia, 2019). Coas súas obras obtivo o Premio Frei Martín Sarmiento, o Premio Losada Diéguez e o do Libro do Ano da Federación de Libreiros de Galicia, ademais dos premios Sintagma e Brigada 21. Foi finalista dos Crime Thriller Awards e Dagger International en Reino Unido, do Premio Le Point du Polar Européen en Francia e do Premio da Academia Sueca de Novela Negra. Agora publica o seu primeiro libro de relatos, *Algúns contos completos* (Galaxia, 2021).

Andrea Barreira Freije (Fonsagrada, 1986) é graduada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista en comunicación medioambiental, social e internacional. Na actualidade continúa a súa formación e está a estudar Pedagogía. En 2015 publicou *Non hai luz sen escuridade* (Urco Editora), unha novela de xénero fantástico para público xuvenil. Para adultos ten relatos en antoloxías colectivas *Contos do Sacauntos, Romasanta o criminal* (Urco Editora). *Lendas de Gallaecia, Segunda Era e Encontros na Terceira Fase* (Contos Estraños), *Tebras na Alma* (autoedición), e *Contos de Verán* (Redelibros). Actualmente, imparte obradoiros de narrativa para adolescentes e adultos en *Gestión cultural-Taller Abierto* (Pontevedra). Ademais dá obradoiros de escrita creativa, é redactora na web *Galicia Enteira* e forma parte da plataforma de crítica literaria feminista *A Segra*, que visibiliza o traballo das escritoras.

Xoán Xil é artista sonoro e investigador cuxo traballo vira en torno á práctica fonográfica (gravación de campo) e a experimentación sonora adquirindo a forma de instalacións, situacións inmersivas de escoita, composicións, performances e textos. Estudou musicoloxía e doctorouse en Belas Artes coa Tese *Sinal/Ruído. Algúns usos da paisaxe sonora no contexto da arte*, centrada na utilización dos sons ambientais na creación contemporánea. Forma parte dos proxectos *Mediateletipos* (arte sonora), *Ulobit* (improvisación) e *Voltage Opposite* (danza), e colabora con diferentes formacións como o ensemble de música contemporánea *Vertixe Sonora*, a compañía *Gigacircus* ou a proposta de música electrónica *Haarvöl*. É un dos co-fundadores de *Escoitar.org*, un colectivo interdisciplinar adicado ao estudo da paisaxe sonora e a auralidade (dimensión cultural da escoita)

Mauro Sanín é coordinador da Escola de Música d'aCentral Folque.

María Marco (Vigo, 1979) é licenciada en Humanidades e doutora en Belas Artes cunha tese sobre a escritura na práctica artística contemporánea. Na actualidade compaxina a crítica de arte co comisariado de exposicións e colabora habitualmente no suplemento «El Cultural» do xornal «El Mundo» e na revista «Tempos Novos», entre outros medios. «Coidadora» (Xerais, 2021), Premio Xerais de Novela 2020, é a súa primeira novela.

Antonio Manuel Fraga Allegue naceu en Nogueirosa (Pontedeume) en 1976. Estudou Enxeñaría Técnica Industrial en Ferrol, mais a vida teimaría por levalo cara ao eido das letras. Xa afincado no barrio coruñés de Monte Alto, en 2013 gañou o Premio Merlín de Literatura Infantil coa obra «O Castañeiro de Abril». Posteriormente publicou en Xerais «Tártarus» (2016), na colección Fóra de Xogo, e «Escaquis e Romeu» (2018), na colección Sopa de Libros. Coa obra «O bestiario científico de Anxos Nogueirosa» (2108) obtivo o I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil. Este mesmo título foi elixido mellor obra xuvenil de 2019 na Gala do Libro Galego. En 2020 acadou o premio Jules Verne de Literatura Xuvenil coa obra «santoamaro» e en 2021 publica, na colección Merlín, «Papá

caníbal». Algúns dos seus títulos foron traducidos a idiomas como o castelán, inglés, catalán ou éuscaro.

Lara Dopazo Ruibal (Marín, 1985) é unha xornalista e escritora galega, autora de *Os lobos na casa de Esaú* (Chan da Pólvora, 2017), *Claus e o alacrán* (Espiral Maior, 2018), *Ovella* (poemario co que gañou o Certame Francisco Añón) e *O axolote e outros contos de bestas e auga* (co que gañou o Premio Illa Nova de Narrativa 2020). Tamén é coautora e coeditora do ensaio colectivo experimental *A través das marxas: Entrelazando feminismos, ruralidades e comúns* (Bartlebooth, 2018), está especializada en Cooperación Internacional e é voluntaria de Agareso.

Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) é unha figura imprescindible para comprender a dimensión do Teatro Galego e, xa que logo, do noso sistema literario. Desde aqueles inicios nos anos setenta, coa mítica Xeración Abrente, ata o ano mesmo da súa morte, a produción literaria de Vidal Bolaño é constante e sempre orientada a armar un edificio teatral galego perdurable. Só uns meses antes do seu pasamento, no número 50 da revista *A Trabe de Ouro* publicouse o texto do seu monólogo *Sen ir máis lonxe*, que Méndez Ferrín cualificou como o seu testamento dramático. Ese mesmo ano a Real Academia Galega nomeouno Académico Correspondente.

Yolanda López (Compostela, 1975) é doutora en Historia da Arte pola USC, onde exerce a docencia, ademais de impartir clases na UNIR. A súa especialidade é o estudo comparativo entre cinema e historia, así como a estética e a dirección artística. Como xestora cultural, traballou en investigación, produción e programación cinematográfica. Publicou *El Siglo de Oro en el cine y la ficción televisiva* (2017).

Gustavo Balza (Caracas, 1965) é director e guionista de cine e televisión. En 2011 presentou o filme *Doentes*, unha adaptación da obra de Roberto Vidal Bolaño.

Esteban Hernández é xornalista no diario *El Confidencial*. Autor de *El fin de la clase media*, *Nosotros o el caos* e *Los límites del deseo*. Os seus libros mereceron reseñas favorables de Joaquín Estefanía, Alberto Garzón, César Rendueles, Santiago Alba Rico, Víctor Lenore, Luis Enrique Alonso e José Antonio Zarzalejos. Traballou en medios como *El Mundo*, *La Vanguardia* ou *Ruta 66*. Licenciado en Dereito. Na actualidade é xefe de Opinión de *El Confidencial*.

Anna R. Figueiredo naceu en 1979 en Ourense. É doutora en física pola Universidade de Sheffield e leva traballando no ensino galego desde o 2019. A docencia é un xeito de ver a vida que considera nos conecta coa evolución das novas xeracións e dá unha perspectiva diferente do cotiá. Porén a súa actividade docente céntrase máis nas materias relacionadas coa matemática e coa física. Ten colaborado en publicacións xornalísticas con artigos de opinión relacionados coa literatura e coa docencia. Entende que o pensamento racional precisa da creación para poder avanzar e por iso emprega a literatura como canle comunicadora para entender e representar o mundo, na constante dúbida que enxerga o propio proceso de diálogo. Unha teima e necesidade constate de creación e investigación que nunca abandona. Deste xeito ten participado activamente en obradoiros de innovación docente e de creación e proxección cultural como o FLIV20 (Festival virtual da literatura galega- creadora xunto con Nacho Alonso de Fervenzas literarias) e asociacións a prol da cultura e creación literaria como a AELG (Asociación de escritoras e escritores en lingua galega) da que é vicepresidenta. A súa primeira novela *Os bicos feridos*, obtivo o I premio Viadutos de novela no 2018. Desde entón ten publicada a proposta divulgativa *A historia cóntana as vencedoras* (2019) e ten participado no libro de relatos colectivo *O libro dos trens* (2020). Obtivo tamén premios como o de Relato Curto de Mugardos (2014), o Quintal Literario (2014) ou o de Relato Curto Inspiraciencia (2014). Asemade ten guionizado banda deseñada para publicacións como BOOM ou BDBanda.

Marilar Aleixandre. Nacida en Madrid en 1947, é licenciada en Bioloxía e profesora de Didáctica das Ciencias na USC. Instalada en Galicia desde 1973, adoptou o galego como lingua literaria. As súas primeiras obras foron narracións dirixidas aos lectores máis novos, como *A formiga coxa* (1989) e *O rescate do peneireiro* (1990). Continuou con libros para adolescentes como *Nogard* (1994) e a novela de aventuras *A expedición do Pacífico* (1994), coa que obtivo os premios *Merlín* e *Lousada Diéguez*. A novela que a deu a coñecer nun ámbito máis amplo foi *Tránsito dos gramáticos* (1993), unha orixinal intriga ambientada nunha Compostela futurista. En 1996 publicou a colección de relatos *Lobos nas illas*. Con *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* gañou a IV edición do Premio Álvaro Cunqueiro de narrativa (1998). En 2001 publicou *Unha presa de terra*. Recibiu o Premio Xerais de Novela 2001 por *Teoría do Caos*. Recibiu o galardón Letra E concedido pola AELG. Na Asemblea Xeral do Congreso Ibbby de Literatura Infantil e Xuvenil, celebrado en setembro de 2010 en Santiago de Compostela, foi nomeada membro do Comité Executivo da organización.

María López Sáñez (Lugo, 1973) é doutora en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente imparte docencia no ensino medio e é profesora asociada de Didáctica da Lingua e a Literatura na Facultade de Ciencias de Educación da USC. O seu labor de investigadora centrouse na relación da literatura galega co imaxinario paisaxístico e co espazo urbano, no estudo da cartografía como semiótica do espazo. Co traballo titulado *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio* obtivo o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007. En 2012 resultou gañadora da VI edición do Premio de Narrativa Breve Repsol coa novela *A forma das nubes*, publicado por Galaxia no mes de novembro do ano 2012.

María Pilar García Negro (Lugo, 1953) é escritora, sagaz investigadora e profesora da Universidade da Coruña. Ensino, cultura, literatura galega, políticas para as mulleres e política lingüística son os eixes sobre os que desenvolve a súa actividade profesional. Entre as súas numerosas obras publicou, en Alvarellos Editora, en 2010, o estudo introdutorio de *Gran Lugo de nebra. Antoloxía de versos e prosas, 1955-1999*, de Uxío Novoneyra; en 2013, o ensaio '*Cantares gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro* (2013), que recibiu o Premio da Edición de Galicia ao Mellor Libro de Non Ficción do ano, e *No tempo de 'Follas novas'. Unha viaxe pola literatura universal* (2015), no que García Negro se ocupou do coidado da edición e convocou un excelente elenco de docentes e escritoras/es.

María Canosa (Cee 1978). Enxeñeira de Caminos, Canais e Portos, destaca desde moi nova pola súa faceta literaria especialmente vinculada á poesía e á literatura infantil en galego. Becada e premiada desde as súas primeiras obras de adolescente, desenvolve, a pesar da súa xiventude, unha xa longa traxectoria como escritora, conferenciante, presentadora de tv... Ten publicados distintos xéneros literarios en diferentes editoriais, sendo a maioría dos seus títulos parte da literatura infantil e xuvenil.

Iria Pinheiro Santos traballa como actriz desde o ano 1998 e desenvolve a súa actividade no audiovisual, nas artes escénicas e na música, ademais de participar en longametraxes, curtametraxes e videoclips. Destacou no cabaret onde foi compositora, letrista e guionista. No ano 2012 creou DandyLady, un alter ego co que investiga as posibilidades da poesía escénica e para o que foi ideado *Uralita*. Na actualidade traballa no espectáculo *Anatomía dunha serea* polo que recibiu dous Premio María Casares. Recibiu tamén o Premio Maruxa Villanueva á Interpretación pola súa traxectoria como actriz.

Nee Barros Fernández naceu en Ourense en 2002, e xa dende pequeno estivo profundamente namorado de Castelao (seica por iso se lle quedou pegado nos lentes e no nome). Di que lle gusta escribir teatro, relatos, poesía, tocar música, cantar, facer curtametraxes, fotografías, queixarse... Pero en verdade o que non lle gusta é parar quieto. Ou aburrirse, iso si que non o soporta. Poderás topalo polas redes facendo balbordo como

@*neeumatiko*, ou dando clases de galego, ou facendo chistes malos (quen sabe). *Identidade*, o libro que tés entre as mans, é a súa primeira obra de teatro, así que cóidaa ben e goza con ela, que lle fará moita ilusión.

María Ángeles Igrexas (Bos Aires, 1972) é actriz e, como actriz, escribe, xera proxectos e participa nas creacións de diversas compañías.

Alfonso Espiño Louro (Santiago de Compostela, 1976) foi un neno moi danzarín e cantarín nas décadas dos setenta e oitenta. Fíxose maior de súpeto, empezando a gustarlle a música "antiga" e todo o relacionado cos sesenta cando entrou no instituto Rosalía de Castro en 1990. Pouco despois comezou a aporrear, primeiro a guitarra e logo o baixo eléctrico, no grupo pop/rock Contrastes, que estivo activo ata 2003. Tras pasar polas bandas Mega Purple Sex Toy Kit e Los Chavales, comezou a súa carreira musical en solitario co nome de Espiño en 2016, interpretando as súas cancións en varios países ao longo do tempo.

Alfonso é doutor en Historia da Arte (especialidade Música), licenciado en Filoloxía Inglesa e realizou un Máster en Xestión Cultural pola Universidade de Santiago de Compostela, aínda que estes títulos foron compatibles coa súa graduación na barra de A Reixa, histórico pub underground compostelán no que se empapou de cultura popular, ademais doutras solucións espirituosas. Neste lugar chegoulle a inspiración para escribir *Compopstela. Música Moderna en Santiago (1954-1978)* tras unha conversación con Belén, filla do pioneiro da Estila Jorge Vilela.

Durante o período de investigación e redacción do libro, este picheleiro ata a médula tivo a oportunidade de coñecer a moitos dos músicos modernos, de Santiago e de máis alá, con quen está encantado de tocar e cantar cando lle deixan, sobre todo cando non hai pandemia. Ademais das ocupacións propias de músico, Espiño tamén desempeña colaboracións habituais coa radio autonómica e medios escritos como periódicos ou revistas. Sempre coa música como temática principal, recibiu varios premios e realizou un puñado de conferencias. A pesar de estar sempre ocupado, nunca deixa de pensar no próximo proxecto.

Pablo Otero (Ourense, 1970). Estudou na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Os seus debuxos, esculturas e pinturas expuxéronse en diversas galerías galegas. A súa traxectoria artística tamén está relacionada coas escenografías para teatro e o deseño de cartaces. Recibiu, entre outras distincións, o 1º premio de escultura no I Salón de Arte Xove de Ourense (1992), o Premio Isaac Díaz Pardo de Ilustración (2011) e un accésit do Premio Lazarillo.

Paula Carballeira. Licenciada em filologia e narradora oral profesional desde 1994, foi convidada às principais programacións e festivais de narración oral nacionais e internacionais. Atriz, dramaturga e directora, faz parte da compañía de teatro Berrobambán. Colabora ocasionalmente com outras compañías e tem participado em séries e programas da *Televisión de Galicia*. Tem uma ampla produção literária em narrativa, poesia e teatro.

Ana Romaní (Noia, 1962) é unha das voces fundamentais da poesía galega das últimas décadas, con libros como *Arden* (1998), *Love me tender. 24 Pezas mínimas para unha caixa de música* (2005) ou *Estremas* (2010). Tamén é unha figura fundamental do periodismo cultural des que en 1990 comezou a dirixir o Diario Cultural, programa de referencia no medio radiofónico que lle valeu un recoñecemento unánime, como o Premio Nacional de Periodismo Cultural do ano 2018. Activista, pensadora do feminismo, artífice de proxectos híbridos de expresión como o Laboratorio de indagacións Poéticas (LIPo) e didicadora brillante de poemas en títulos como *Estalactitas* (2002), *Catro poetas suicidas. Intervención poética contra a levidade* (2002), *A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos* (2003) ou *2% un recital para esquecer* (2019), Ana Romaní autora de

numerosos ensaios, entre eles *Táctil resonancia. Da derrota dun esplendoroso veleiro, as voces flotantes e os cantos das baleas* (2019).

Carlos Labraña (Cedeira, 1969) é escritor e conta cunha ampla traxectoria no eido da literatura dramática infantil. Entre outras, publicou as seguintes obras: *O segredo de Daniel* (1993), premio Xeracións Nós 1988; *A escada* (1996), premio Xeracións Nós 1994; *O teatro dos soños* (2005); *Os sons da buguina* (2006), premio Meiga Moira 2006; *Teatro de xoguete* (2011), premio Estornela 2010; *A fraga das árbores das palabras* (2013), premio Estornela 2012; *Espantallo* (2015), premio O Facho 2013; *Moito Morro Corporation, Sociedade Ilimitada* (2016), premio O Facho 2014; *O apalpador* (2016); *O valo* (Xerais 2017), premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2016.

Raquel Senra é tradutora e ilustradora. Está detrás do proxecto *Árbore Azul*, centrado na tradución, a ilustración e a animación á lectura.

Emma Pedreira (A Coruña, 1978). Poeta e narradora.

Como poeta ten publicado dez títulos ente os que destacan *O Libro das mentiras*, *Antídoto* ou *As voces ágrafas*. O seu poema "Lista da compra da viúva" foi considerado en 2017 o Mellor Poema do Mundo. Foi musicado polo músico Xoao Berlai no seu último traballo, "Cas Berlai". Outros poemas seus como "É importante falar baixiño agora" ou "Castelo de Mentiras" foron versionados e musicados pola música e poeta asturiana Ana Lamela ou "Sapo de Lesbos" polo grupo vigués Xardín Desordenado.

Como narradora publicou *Besta do seu sangue* (Premio Xerais 2018 e Arzebispo San Clemente) ou *Bibliópatas e fobólogos*, que resultou Premio da Crítica Española en Lingua Galego no ano 2017. En 2019 publica a súa primeira obra para público xuvenil, *Os corpos invisibles*, coa que acadou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil e o premio da Gala do Libro Galego 2020 como mellor obra xuvenil. En Baía Edicións ten publicada a novela *As fauces feroces* e é unha das autoras incluída na antoloxía de relatos *Entre Donas*.

En 2021 publica, xunto coa ilustradora Laura Romero, o libro *XelArias, palabra á intemperie*, que visita, en clave de biografía poética a vida e obra de Xela Arias, poeta e tradutora á que se lle adican as Letras Galegas de 2021.

Como tradutora traduciu ao castelán a súa propia obra dentro do libro bilingüe galego-castelán *Antídoto* ou a tradución ao español de *Corazón y demás tripas*.

Como artista plástica fai pequenos libros de artista e collages, como os que ilustran o poemario a catro mans *O Elo*, xunto con Quico Valeiras ou creou portadas para libros, diarios e revistas, así como ilustracións interiores. Ademais, as súas obras poético-visuais *O fotógrafo* e *As cicatrices son para a amante*, combinan poesía e collage.

Aníbal Malvar é escritor e xornalista, o que fai que se cuestione se realmente é un bo mozo. Inicia a súa carreira profesional en 1989 como responsable das páxinas culturais de *El Correo Gallego*. En 1995 incorpórase á delegación galega de *El Mundo*, exercendo como subdelegado de 1998 a 2000. Ese ano trasládase a Madrid para integrarse no suplemento *Crónica* do mesmo diario, especializándose en información sobre terrorismo, inmigración ilegal e narcotráfico. Abandona *El Mundo* en 2009. Escribiu varias novelas e un libro de relatos, entre as súas publicacións figuran *Unha noite con Carla*, pola que recibiu o Premio Xerais en 1995, e *La balada de los miserables* (Akal), pola que gañou o premio Violeta Negra en 2015. Na actualidade colabora en *Público* e *CTXT*.

Henrique Alvarellos. Licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC e Máster en Medios de Comunicación pola UDC/*La Voz de Galicia*. Dirixe desde 2004 Alvarellos Editora, a empresa cultural que fundara seu pai en Lugo en 1977 e que hoxe é a vicedecana das editoras galegas. Desde decembro de 2020 preside a Asociación Galega de Editoras (AGE), o colectivo que integra 42 selos editoriais, o 90% da produción do sector en Galicia. Antes de ser editor, Henrique Alvarellos exerceu durante 15 anos como xornalista e comunicador. Ademais, é autor de varios libros, entre os que destacan *Teoría de Lugo, Galicia en cen*

prodixios, Diario dun pai acabado de nacer, o conto infantil A nena que abrazaba as árbores ou a crónica *Federico García Lorca en Santiago de Compostela*. Foi impulsor de iniciativas como a apertura ao público do Bosque do Banquete de Conxo de 1856 ou o 25 de outubro como Día de García Lorca en Galicia. Gústalle definir a súa editorial como “factoría de contidos culturais”.